

NOTA DE PRENSA

**Actos en torno ás Letras Galegas no MARCO**  
**Salón de actos, martes 28 e mércores 29 de maio**

Mañá **martes 28 de maio** e o **mércores 29**, o **salón de actos** do MARCO acollerá dous actos relacionados coa celebración do Día das Letras Galegas: a proxección dun **documental** de Gonzalo Enríquez Veloso sobre Roberto Vidal Bolaño, e unha **conferencia-coloquio** en torno ás figuras de Rosalía de Castro e Vidal Bolaño, que estará a cargo de Uxía Blanco e Xavier Castro. Neste caso, a conferencia está organizada dende o Servizo De Normalización Lingüística do Concello de Vigo, no contexto das actividades programadas ao redor do Día das Letras Galegas.



**MARTES 28 maio, ás 19.30**

**Proxección do documental**

**'Recuperando o Roberto Vidal Bolaño'**

de **Gonzalo Enríquez Veloso**

(2013, 30')


Coprodución: Millo Filmes e Televisión de Galicia

Agradecementos: Editorial Galaxia

Salón de actos

ENTRADA LIBRE E GRATUÍTA

Gonzalo Enríquez Veloso é autor de tres documentais sobre os protagonistas do Día das Letras Galegas nos tres últimos anos: Valentín Paz Andrade, Lois Pereiro, e **Roberto Vidal Bolaño**. Os proxectos son abordados dende diferentes perspectivas, mais conservan rasgos estilísticos e conceptuais. Aínda que o tema central é o autor homenaxeado, o documental artículase a partir de entrevistas e charlas con distintas persoas (familiares, amigos, colegas, compañeiros, críticos...) que se convierten tamén en co-protagonistas. No caso de Vidal Bolaño, os participantes son, entre outros, Roi Vidal, Laura Ponte, Belén Quintáns, Quico Cadaval, Manuel Lourenzo, Rodrigo Roel, Rubén Ruibal, Xosé Manuel Fernández Castro, Paco Macías, Carlos Mejuto, Dolores Vilavedra, ou Inma López Silva.



**MÉRCORES 29 maio, ás 19.30**

**Conferencia-coloquio**

**'Rosalía de Castro e Roberto Vidal Bolaño: Unha visión nos espellos do calexón do gato**

con **Uxía Blanco** e **Xavier Castro**

Organiza: Concello de Vigo, Servizo de Normalización Lingüística

Salón de actos

ENTRADA LIBRE E GRATUÍTA



A actriz Uxía Blanco e o escritor Xavier Castro conducirán este acto, no que se ofrecerá unha perspectiva caleidoscópica de Rosalía incidindo na particular visión que tiña sobre ela Roberto Vidal Bolaño. Así mesmo, poderemos ollar en directo, pola maxia do cinema, o seu traballo actoral e o seu labor como autor e director. Convidarase ao público a que sexa partícipe e protagonista neste acto.

---

Se desexa recibir máis información, dirixase a:  
MARCO, Museo de Arte Contemporánea de Vigo  
Departamento de Comunicación (Marta Viana ou Pilar Souto)  
C/ Príncipe nº 54 - 36202 Vigo  
Tel. +34 986 11 39 08 /11 39 03 / 11 39 00  
Fax. +34 986 11 39 01  
Email: [marta.viana@marcovigo.com](mailto:marta.viana@marcovigo.com) [pilar.souto@marcovigo.com](mailto:pilar.souto@marcovigo.com)